



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Literatura e Xénero (Ámbito Galego-Portugués)	Código	613584118	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es	
Profesorado	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es	
Web	http://www.udc.es/filo/MLCD.html			
Descrición xeral	<p>Estudo da aplicabilidade do paradigma dos estudos de xénero á análise da sociedade e das súas manifestacións culturais e artísticas, en particular ao caso dos sistemas literarios galego e de lingua portuguesa.</p> <p>Na sección de contidos figuran os temas específicos que serán tratados na materia.</p>			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non haberá cambios.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Manteranse todas as metodoloxías, que serán adaptadas a modalidades de docencia telemática, de tipo síncrono (a través de Teams) e asíncrono (a través de Moodle).</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Ningunha</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Mecanismos de atención permanente: correo electrónico para a atención individual, foro xeral en Moodle sobre a organización da materia e foro específico en Moodle sobre as actividades avaliábeis.</p> <p>Mecanismos de atención dispoñíbeis a petición do alumnado: Vídeo-titorías a través de Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Manteranse o mesmo sistema de avaliación, de acordo coa adaptación á modalidade non presencial das metodoloxías docentes.</p> <p>*Observacións de avaliación: Mantéñense as recollidas na guía docente.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>A bibliografía de referencia non será modificada, aínda que serán facilitados materiais específicos (en formato PDF ou URL) a través da plataforma Moodle para o acompañamento das sesións non presenciais.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Incorporar a perspectiva de xénero e feminista aos estudos literarios	AM7 AM9 AP1 AI1	BP2 BP3	CM3 CM4
Coñecer, comprender e saber avaliar criticamente unha parte dos discursos teóricos que reflexionan sobre obras poéticas eróticas relevantes da literatura galega desde unha perspectiva de xénero.	AM1 AM2 AM4 AM6 AM8	BP2 BP3 BP4	CM2 CM3 CM4 CM5
Desenvolver a capacidade de participar con precisión de pensamento e expresión (tanto oralmente como por escrito) nos debates propios destes estudos.	AM2 AM4 AM5 AI2	BM3 BP1 BP2 BP3 BP7	CM1 CM2 CM5 CM6
Realizar análises de textos literarios a partir dos marcos teóricos definidos na materia.	AM1 AM4 AM5 AM6 AM8 AI1 AI2	BP2 BP3 BP7	CM4 CM5 C11
Ser quen de desenvolver investigacións avanzadas no análise dos textos literarios, desde un enfoque orixinal e creativo	AM1 AM2 AM4 AM5 AM8 AI1 AI2 AI3	BP2 BP3 BP5 BP7	CM1 CM2 CM5 CM6 C11
Identificar e interpretar os novos marcos teóricos e conceptuais que intentan explicar a evolución da cultura contemporánea	AM1 AM5 AI1 AI2	BP2 BP5	CM2 CM3 CM5 C11

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Sexo, xénero e texto	1.1. Autoría e sistema sexo-xénero 1.2. A escrita poética das mulleres na literatura galega
2. Poesía erótica galega	2.1. Análise do canon literario na poesía erótica 2.2. Repensar o erotismo, o sexo e os afectos desde os feminismos e as non-monogamias 2.3. Deconstruír o erotismo poético contemporáneo

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A1 A2 A5 A6 A14 A7 A10 A8 B5 B7 B10 B3 C2 C3 C5	1	21	22



Sesión maxistral	A1 A4 A6 A8 B5 B6 B8 B10 C6	6	0	6
Traballos tutelados	A13 A1 A2 A4 A5 A6 A14 A8 A12 B4 B6 B8 B10 B3 C1 C7 C5 C6	1	20	21
Obradoiro	A13 A1 A2 A4 A5 A6 A14 A8 A9 A12 B6 B8 B10 B3 C1 C4 C7 C6	8	16	24
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Será preciso realizar para cada sesión e nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas. Estas serán avaliadas a través dos comentarios e das intervencións do alumnado.
Sesión maxistral	Exposición da profesora co fin de introducir o contexto teórico e cultural do tema correspondente, así como os fundamentos teóricos e metodolóxicos da materia.
Traballos tutelados	Cada estudante terá que realizar un traballo final obrigatorio sobre algún aspecto relacionado co temario, que terá o formato dun breve ensaio e cuxo tema e orientación requirirán o visto e prace da profesora en sesións de seguimento.
Obradoiro	Nas sesións presenciais alternaranse as leccións maxistras coas sesións interactivas, nas que a participación do estudantado será fundamental. Levaranse a cabo actividades de diverso tipo: discusións dirixidas, comentario de textos. Todas elas terán como punto de partida fundamental as lecturas indicadas previamente pola profesora.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	A profesora encargarse de recibir e asesorar o alumnado en todas as cuestións que lle formular; ao tempo tratará en todo momento lle facer as observacións, indicacións puntuais bibliográficas, etc que puideren ser do seu interese.
Lecturas	
Sesión maxistral	Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.
Traballos tutelados	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A13 A1 A2 A4 A5 A6 A14 A8 A9 A12 B6 B8 B10 B3 C1 C4 C7 C6	Valorarase a participación activa nas distintas actividades que se desenvolvan na aula: discusión dirixida, análise e comentario dos textos propostos, etc.	20
Lecturas	A1 A2 A5 A6 A14 A7 A10 A8 B5 B7 B10 B3 C2 C3 C5	As lecturas serán avaliadas a través dos comentarios e das intervencións do propio alumnado na aula.	20
Traballos tutelados	A13 A1 A2 A4 A5 A6 A14 A8 A12 B4 B6 B8 B10 B3 C1 C7 C5 C6	O traballo final obrigatorio consistirá na elaboración dun breve ensaio orixinal (ou, alternativamente, na exposición oral dese traballo) que versará sobre un aspecto relacionado cun punto do programa. Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da investigación e a claridade expositiva e expresiva.	60

Observacións avaliación



1. OBSERVACIÓNS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación.

1.2. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

1.3. Todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...). As deficiencias lingüístico-expositivas serán penalizadas na cualificación.

2. AVALIACIÓN DA SEGUNDA OPORTUNIDADE (XULLO)

Na 2.^a oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Obradoiro e participación en eventos científicos). Así, para superar a materia, terá que realizar unha "Proba mixta" para avaliar as lecturas (30%) e presentar o "Traballo tutelado" (70%).

3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

Nesta oportunidade adiantada cada alumno/a será avaliado/a mediante unha "Proba mixta", que suporá o 40 % da cualificación final e que terá lugar na data oficial marcada pola Facultade de Filoloxía, e un "Traballo tutelado" puntuábel nun 60% que deberá ser presentado no mesmo día do exame.

4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO/A

Considerarase como NON PRESENTADO/A o/a alumno/a que non entregue o traballo final obrigatorio ou non realice a proba escrita.

5. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio do curso académico para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes). Así mesmo, aquel alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado responsábel.

7. OUTRAS PRECISIÓNS

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).



<p>Bibliografía básica</p>	<p>Atutxta Ordeñana,Ibai (2011): ?Políticas del anti-cuerpo: escritura sin género; lectura sin poder soberano?, en Calafell, Mireia e Pérez, Aina (eds.), El cuerpo en mente. Versiones del ser desde el pensamiento contemporáneo , 161-166 (Barcelona: Editorial UOC). Barthes, Roland (1968): ?La mort de l'auteur?. Mantéia ,vol. 5, 61-67. Castro, Olga e Reimóndez, María (2013): Feminismos (Vigo: Edicións Xerais de Galicia). Esteban, MariLuz (2011). Crítica del pensamiento amoroso (Barcelona: Bellaterra). Foucault, Michel (1969): ?Qu'est ce qu'un auteur??. Littoral, 9, 3-32 [En liña] https://es.scribd.com/document/217023840/Qu-Est-ce-Qu-Un-Auteur-Foucault [última consulta: 2/12/2019]. González Fernández, Helena (1998): ?Ocupa-la palabra?, Madrygal. Revista de estudios gallegos, 1, 57-59. González Fernández, Helena (2005): Elase o paraugas totalizador: escritoras, xénero e nación (Vigo: Edicións Xerais de Galicia). Hermo, Gonzalo (2013) ?Rostros marondos ou sobre como reler a poesía erótica dos 90?, Proxecto derriba, 27 xuño [En liña] http://proxecto-derriba.org/rostros-marondos-ou-sobre-como-reler-a-poesia-erotica-dos-90/ [última consulta 2/12/2019]. Queizán, María Xosé (1989): Evidencias (Vigo: Edicións Xerais de Galicia). Reimóndez, María (2010): ?Extranjera en su patria. El destierro de las escritoras gallegas?, en Martín Lucas, Belén (ed.), Violencias (in)visibles. Intervenciones feministas frente a la violencia patriarcal, 69-89 (Barcelona: Icaria). Reisz, Susana (1996): ?Escritura femenina? e estratexias de auto-representación?, Unión libre. Cuadernos de vida e culturas, 1, 53-65. Rich, Adrienne (1996) [1980]: ?Heterosexualidad obligatoria y existencia lesbiana?, Rivera Garretas, María-Milagros (trad.), DUODA. Revistas? estudis feministes, 10, 15-45. Rosso, Nadia (2017): ?Las raíces opresivas del amor, la transformación desde los afectos?, [En liña] https://www.academia.edu/31066850/Las_ra%C3%ADces_opresivas_del_amor_la_transformaci%C3%B3n_desde_lo_s_afectos [última consulta: 2/12/2019]. Schweickart, Patrocinio P. (1999): ?Leyéndonos nosotras mismas: hacia una teoría feminista de la lectura?, Lucotti, Claudia (trad.), en Fe, Marina (coord.), Otramente: lectura y escritura feministas, 112-151 (México: Fondo de Cultura Económica: Facultad de Filosofía y Letras de la UNAM). Suárez Briones, Beatriz (2011) [2005]: ?Queerizando a autoridade: da morte do 'autor' á súa resurrección posmoderna?, en Casas, Arturo (coord.), Autor, autoridade, identidade(s). Grial, 165, 18-25. [En liña] http://www.poesiagallega.org/arquivo/ficha/f/186 [última consulta: 2/12/2019]. Vasallo, Brigitte (2018): Pensamiento monógamo, terror poliamoroso (Madrid: La Oveja Roja). Wittig, Monique (2006) [1992]: El pensamiento heterosexual y otros ensayos. Sáez, Javier / Vidarte, Paco (trads.) (Barcelona: Editorial Egales). La profesora entregará, en el aula y/o a través de la plataforma Moodle, una selección de textos literarios y críticos que el alumnado deberá leer en los plazos estipulados. A profesora entregará, na aula e/ou a través da plataforma Moodle, unha selección de textos literarios e críticos que o alumnado deberá ler nos prazos estipulados.</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	<p>Será proporcionada nas aulas e/ou a través da plataforma Moodle.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías